

NOME DA ACTIVIDADE (Ficha alumnado)

- **O tabú I**

ENUNCIADO DA ACTIVIDADE

Atópaste nunha situación comunicativa cotiá, debes seguir as pautas que se che indican nas fichas. Recorda que a comunicación é telefónica.

MATERIAIS DA FICHA

Dependente dun comercio

Unha cliente ou un cliente chama para facer unha reclamación por un produto en mal estado. Tes que atendelo coma se fose a vida real e tomar as decisións que consideres axeitadas, iso si; hai unhas palabras tabús que non podes utilizar: **si; non; ben.**

Cliente dun comercio

Chamas á tenda onde compraches un ordenador portátil para facer unha reclamación, unha queixa porque o produto vén en mal estado e non funciona correctamente.

<p>- <i>Ola, bo día...</i> - <i>Ola, boa tarde...</i></p>	<p>- <i>Asesoría X, bo día dígame...</i> - <i>Asesoría X, aténdeo María, en que podo axudarlle...</i></p>
<p>- <i>...Podería falar co/a encargado/a...</i> - <i>...É tan amable de poñerme co/a encargado/a...</i></p>	<p>- <i>Por suposto, nun momentinho está con vostede.</i> - <i>Agora non a pode atender, se fai o favor de chamar nun momentinho ou deixarme un teléfono de contacto.</i></p>
<p>- <i>Pois moitas grazas, ata outro día.</i> - <i>Grazas por axudarme, deica logo.</i></p>	<p>- <i>Se necesita calquera outra cousa xa sabe onde estamos, grazas e abur.</i> - <i>Só ten que chamar ou achegarse ata aquí e encantados resolvemos os seus problemas, grazas pola confianza.</i></p>

